

TITULADO/A MEDIO
GALEGO

1. Segundo o artigo 20 da Constitución Española poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información:
 - a) Soamente en virtude de resolución administrativa ou xudicial.
 - b) Soamente en virtude de resolución xudicial.
 - c) Soamente nos casos nos que non se poida garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.
 - d) Soamente durante a vixencia dos estados de alarma, excepción e sitio.

2. Segundo o artigo 28.2 da Constitución Española:
 - a) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras e empresarios/as para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
 - b) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras, empresarios/as e autónomos/as para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
 - c) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras e autónomos/as economicamente dependentes para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
 - d) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

3. Segundo o Artigo 161 da Constitución Española, que institución ten a función de resolver os conflitos de competencia entre o Estado e as Comunidades Autónomas:
 - a) O Tribunal Constitucional.
 - b) O Tribunal Supremo.
 - c) O Congreso dos Deputados.
 - d) O Senado.

4. Segundo o artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, cales son as dereitos liberdades e deberes fundamentais dos galegos:
 - a) Os establecidos na Constitución e nos tratados e acordos internacionais sobre a materia ratificados pola Comunidade Europea.

- b) Os establecidos na Constitución.
 - c) Os establecidos no Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - d) Os establecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
5. Segundo o artigo 8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a maioría necesaria para a aprobación da lei que fixa a sede das institucións autonómicas require:
- a) O voto favorable das tres quintas partes dos membros do Parlamento Galego.
 - b) O voto favorable da maioría simple dos membros do Parlamento Galego.
 - c) O voto favorable das dúas terceiras partes dos membros do Parlamento Galego.
 - d) O voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento Galego.
6. Segundo o artigo 34.1 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia:
- a) No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.
 - b) Independentemente do contido das normas básicas do Estado, correspóndelle en exclusiva á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.
 - c) Correspóndelle en exclusiva á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos no decreto que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.
 - d) No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma, as Deputacións Provincias e aos Concellos o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.
7. Segundo o artigo 38 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia en materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o dereito propio de Galicia é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro:
- a) Nos termos previstos no presente Estatuto.
 - b) Nos termos previstos nas normas do Dereito civil galego.

- c) Nos termos previstos nas normas básicas do Parlamento de Galicia.
 - d) Nos termos previstos no presente Estatuto e nas normas regulamentarias de carácter xeral que, en desenvolvemento da súa lexislación dite o Estado.
8. Segundo o artigo 2 da lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, a proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada por:
- a) A Administración de Xustiza de Galicia.
 - b) A Administración Pública galega.
 - c) A Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia.
 - d) Os Conselleiros/as e autoridades administrativas que actúen ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.
9. Segundo o artigo 17 da lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, as queixas que o Valedor do Pobo reciba, referidas ao funcionamento da Administración de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de incluílas no informe do parlamento, deberá dirixilas:
- a) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
 - b) Ás Comisións do Parlamento de Galicia relacionadas coa defensa dos dereitos e liberdades públicas.
 - c) Ao Ministerio Fiscal e ao Consello Xeral do Poder Xudicial.
 - d) Ao superior xerárquico das autoridades, funcionarios ou axentes sobre os cales recaesen as queixas.
10. Segundo o artigo 16 do Tratado da Unión Europea:
- a) O Consello de Asuntos Xerais elabora a acción exterior da Unión atendendo ás liñas estratéxicas definidas polo Consello Europeo e velará pola coherencia da acción da Unión.
 - b) O Consello reunirse en privado cando delibere e vote sobre un proxecto de acto lexislativo.
 - c) A Comisión exercerá funcións de definición de políticas e de coordinación, nas condicións establecidas nos Tratados
 - d) O Consello pronunciarase por maioría cualificada, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa
11. Segundo o artigo 5 do Tratado da Unión Europea:

- a) A delimitación das competencias da Unión réxese polos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.
- b) O exercicio das competencias da Unión réxese polo principio de atribución.
- c) En virtude do principio de atribución, o contido e a forma da acción da Unión non excederán do necesario para alcanzar os obxectivos dos Tratados.
- d) A delimitación das competencias da Unión réxese polo principio de atribución.

12. Segundo o artigo 17 do Tratado da Unión Europea:

- a) O mandato da Comisión será de catro anos.
- b) O mandato da Comisión será de seis anos.
- c) O Presidente da Comisión determinará a organización interna da Comisión velando pola coherencia, eficacia e colexialidade da súa actuación.
- d) O Presidente da Comisión nomeará ao Alto Representante da Unión Europea para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

13. Segundo o artigo 12 da lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, sobre a asistencia no uso de medios electrónicos aos interesados, a quen corresponde manter actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou firma regulada nese artigo:

- a) Só ás Administracións Públicas a través dun Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración.
- b) Ás Oficinas Públicas das Comunidades Autónomas a través dos funcionarios que presten os seus servizos nelas.
- c) Á Administración Xeral do Estado, ás Comunidades Autónomas e ás Entidades Locais.
- d) Á Administración Xeral do Estado e ás Comunidades Autónomas a través dos sistemas e aplicacións que en cada caso se determinen.

14. Segundo o artigo 26 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, as Administracións Públicas emitirán os documentos administrativos:

- a) Por escrito, a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.
- b) A través de calquera formato físico que conteña a imaxe codificada, fiel e integra do documento.
- c) Exclusivamente a través de medios electrónicos.
- d) Por calquera medio tanto oral como escrito que permita a súa recepción.

15. Segundo o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, sinala que os interesados poderán renunciar aos seus dereitos:

- a) Con anterioridade á resolución do procedemento sempre que non se refiran a dereitos fundamentais.
- b) Con anterioridade ao trámite de audiencia sempre que non se refiran a dereitos fundamentais.
- c) Cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico.
- d) En calquera momento do procedemento, aínda que non afecte a dereitos fundamentais e sempre sen prexuízo de terceiro.

16. O artigo 66 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dispón que as persoas xurídicas:

- a) Poderán ser adxudicatarias de todo contrato independentemente do seu obxecto social.
- b) Nunca poderán ser adxudicatarias de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- c) Só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.
- d) Só poderán ser adxudicatarias de contratos de obras.

17. Segundo artigo 102, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, dos Contratos do Sector Público, os contratos:

- a) Poderán ter un prezo incerto dependendo do prazo de entrega.
- b) Terán sempre un prezo certo.
- c) Poderán ter un prezo incerto dependente dos gastos xerais.
- d) Poderán ter un prezo incerto dependente dos custos que se deriven da execución material.

18. Segundo o artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, resolver os conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas Consellerías correspóndelle:

- a) Á Xunta.
- b) Ao Presidente da Xunta.
- c) Ao Parlamento.

d) A unha Comisión Delegada.

19. Segundo o artigo 19 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Presidente tomará posesión do seu cargo:

- a) O día seguinte ao do seu nomeamento.
- b) O día seguinte ao da publicación do seu nomeamento.
- c) Dentro dos cinco días seguintes ao da publicación do seu nomeamento.
- d) Dentro dos cinco días seguintes ao do seu nomeamento.

20. Segundo o Título V da Lei 1/1983, do 22 de febreiro reguladora da Xunta e da súa Presidencia:

- a) Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, non poderán presentarse outras durante o mesmo período de sesións.
- b) Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.
- c) A cuestión de confianza non poderá votarse ata que transcorran cinco días desde a súa presentación.
- d) A moción de censura non poderá votarse ata que transcorran 24 horas desde a súa presentación.

21. Segundo o artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa:

- a) Con personalidade xurídica única.
- b) Con personalidade xurídica propia.
- c) Con personalidade xurídica diferenciada.
- d) Con personalidade xurídica individual.

22. Segundo o artigo 39 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

- a) As resolucións administrativas non poderán vulnerar o establecido nun regulamento, aínda que sexan ditadas por órganos de igual ou superior rango ao que ditou o regulamento.

- b) As resolucións administrativas poderán vulnerar o establecido nun regulamento cando sexan ditadas por órganos de igual ou superior rango ao que ditou o regulamento.
- c) Os Decretos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia están sometidos xerarquicamente ás ordes aprobadas polas conselleiras ou conselleiros.
- d) Os regulamentos non poderán establecer a irretroactividade de disposicións sancionadoras restritivas de dereitos individuais ou non favorables a estes.

23. Segundo o artigo 54 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a creación de entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico:

- a) Require autorización por lei, salvo os consorcios.
- b) Require aprobación por Decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Require aprobación por Orde da consellería en materia de administracións públicas.
- d) Require autorización do Presidente da Xunta de Galicia.

24. Segundo o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá autorización do Consello da Xunta a concesión de subvencións:

- a) Cando o seu outorgamento e contía, a favor de beneficiario concreto, resulten impostos en virtude de norma de rango legal.
- b) Que superen a contía de 3.000.000 de euros por beneficiario.
- c) Cando as subvencións públicas teñan asignación nominativa nos orzamentos.
- d) Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

25. De acordo co artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de:

- a) Tres meses desde a data do acordo da iniciación.
- b) Seis meses desde a data do acordo da iniciación.
- c) Nove meses desde a data do acordo da iniciación
- d) Doce meses desde a data do acordo da iniciación.

26. Segundo o artigo 13 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, para corrixir situacións patentes de

desigualdade de feito e co fin de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade, os poderes públicos de Galicia adoptarán medidas específicas en favor de:

- a) As mulleres e os homes.
- b) As mulleres.
- c) As mulleres e os nenos.
- d) As persoas que estean a gozar dun permiso de paternidade.

27. Segundo o artigo 169 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, se os feitos revestisen carácter de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do Ministerio Fiscal, o asesor ou asesora confidencial:

- a) Poñerá a queixa en coñecemento do seu superior xerárquico.
- b) Poñerá a queixa en coñecemento da Policía Autonómica.
- c) Poñerá a queixa en coñecemento do órgano competente para incoar o procedemento disciplinario administrativo.
- d) Incoará o procedemento disciplinario administrativo.

28. Segundo o artigo 5 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o réxime e a concesión de avais e outras garantías pola Comunidade Autónoma:

- a) Regularanse por Decreto.
- b) Regularanse por Lei Orgánica.
- c) Regularanse por Lei do Parlamento de Galicia.
- d) Regularanse regulamentariamente.

29. Segundo o artigo 56 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia:

- a) Os créditos autorizados nos programas de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de artigo. Con todo, os créditos destinados a gastos de persoal terán carácter vinculante a nivel de concepto.
- b) Os créditos autorizados nos programas de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de programa. Con todo, os créditos destinados a gastos de persoal, excepto os que se refiren a incentivos ao rendemento, e os gastos en bens correntes e servizos terán carácter vinculante a nivel de artigo.

- c) Os créditos autorizados nos programas de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de concepto. Con todo, os créditos destinados a gastos de capital terán carácter vinculante a nivel de grupo de programa.
- d) Os créditos autorizados nos programas de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de concepto. Con todo, os créditos destinados a gastos de persoal, excepto os que se refiren a incentivos ao rendemento, e os gastos en bens correntes e servizos terán carácter vinculante a nivel de artigo.

30. Segundo o artigo 65 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos ou organismos autónomos dunha mesma Consellería:

- a) Correspóndelle ao Consello da Xunta.
- b) Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda.
- c) Correspóndelle aos titulares das Consellerías.
- d) Correspóndelle ao Presidente da Xunta.

31. Segundo o artigo 77 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a contía global dos anticipos de caixa fixa:

- a) Non poderá exceder do 10 por 100 do capítulo destinado a gastos de capital do orzamento vixente en cada momento.
- b) Non poderá exceder do 10 por 100 do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do orzamento vixente en cada momento.
- c) Non poderá exceder do 20 por 100 do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do orzamento vixente en cada momento.
- d) Non poderá exceder do 10 por 100 do capítulo destinado a gastos de capital do orzamento vixente en cada momento.

32. Segundo o artigo 17 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a adscrición será acordada:

- a) Polo Consello da Xunta.
- b) Por acordo do órgano directivo competente en materia de facenda.
- c) Por acordo da consellería ou entidade interesada.
- d) Pola persoa titular da consellería competente en materia de patrimonio mediante orde.

33. Segundo o artigo 40 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o uso común xeral:

- a) Está suxeito a autorización.
- b) Está suxeito a concesión.
- c) Está suxeito a concesión se supera os catro anos.
- d) Non está suxeito a autorización.

34. Segundo o artigo 46 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo que se establecese outro prazo menor nas normas especiais que resulten de aplicación, o prazo máximo de duración das concesións é de:

- a) 25 anos.
- b) 50 anos.
- c) 75 anos.
- d) 100 anos.

35. Segundo o artigo 187 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a realización de obras de reforma e reparación simple de espazos adscritos a unha consellería ou entidade pública instrumental nun edificio administrativo de uso compartido será da súa competencia, previo informe:

- a) Da consellería competente en materia de patrimonio.
- b) Do órgano que as promove.
- c) Do Consello da Xunta.
- d) Da consellería ou entidade pública instrumental que ocupe a maior superficie do edificio administrativo.

36. Segundo o artigo 2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal das seguintes se considera unha relación laboral de carácter especial:

- a) Administradores/as de empresas mercantís.
- b) Persoas traballadoras por conta allea a tempo parcial.
- c) Accionistas de sociedades mercantís.
- d) Persoas traballadoras con discapacidade que presten os seus servizos en centros especiais de emprego.

37. Segundo o artigo 21.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración máxima do pacto de non competencia para despois de extinguido o contrato de traballo será de:

- a) Dous anos para os técnicos e seis meses para os demais traballadores.
- b) Seis meses para os técnicos e dous anos para os demais traballadores.
- c) Dous anos para calquera persoa traballadora.
- d) Seis meses para calquera persoa traballadora.

38. Segundo o artigo 39.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no caso de mobilidade funcional:

- a) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes ás funcións que efectivamente realice sexan superiores ou inferiores ás establecidas para a súa categoría ou grupo profesional.
- b) A persoa traballadora terá dereito á retribución correspondente ás funcións que efectivamente realice, agás nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterá a retribución de orixe.
- c) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes á categoría profesional que conste no seu contrato de traballo.
- d) A persoa traballadora pode realizar funcións inferiores pero non superiores ás recollidas no seu contrato de traballo.

39. Segundo o artigo 77.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, as asembleas de persoas traballadoras poden ser convocadas:

- a) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo, ou por un número de persoas traballadoras non inferior ao cincuenta por cento do cadro de persoal.
- b) Polo Comité de empresa ou centro de traballo sempre e cando a proposta de convocatoria sexa aprobada pola maioría simple do cadro de persoal.
- c) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo, ou por un número de persoas traballadoras non inferior ao trinta e tres por cento do cadro de persoal.
- d) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo sempre e cando a convocatoria sexa aprobada pola maioría cualificada do cadro de persoal.

40. Segundo o artigo 9.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no caso de nulidade dun contrato de traballo por discriminación salarial por razón de sexo, a persoa traballadora terá dereito:

- a) A optar entre a readmisión ou a indemnización.
- b) Ao acceso dentro da mesma empresa a outro posto de traballo onde non sexa posible a dita discriminación.
- c) Á retribución correspondente ao traballo de igual valor.
- d) Á retribución correspondente ao traballo e a unha indemnización de entre tres mil euros e seis mil euros adicional.

41. Segundo o artigo 11.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a duración do contrato formativo para a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos:

- a) Terá unha duración máxima de seis meses.
- b) Non poderá ser inferior a tres meses nin exceder de dous anos.
- c) Non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos.
- d) Non poderá ser inferior a seis meses nin exceder dun ano.

42. Segundo o artigo 26 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, NON teñen a condición de salario:

- a) As percepcións económicas en especie que retribúan a prestación profesional dos servizos laborais por conta allea.
- b) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- c) As percepcións económicas que retribúan períodos de descanso computables como de traballo.
- d) As percepcións económicas que retribúan a prestación profesional dos servizos laborais por conta allea.

43. Segundo o artigo 27 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o salario mínimo interprofesional fixarase anualmente, tendo en conta (sinale a incorrecta):

- a) O índice de prezos de consumo.
- b) A produtividade media nacional alcanzada.

- c) A inflación subxacente.
- d) A conxuntura económica xeral.

44. Segundo o artigo 46.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a persoa traballadora con polo menos unha antigüidade na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo:

- a) Non menor a catro meses e non maior a cinco anos.
- b) Non menor a dous meses e non maior a cinco anos.
- c) Non menor a catro meses e non maior a catro anos.
- d) Non menor a dous meses e non maior a catro anos.

45. Segundo o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores as faltas moi graves cometidas polos traballadores:

- a) Prescribirán aos trinta días a partir da data na que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.
- b) Prescribirán aos corenta días a partir da data na que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.
- c) Prescribirán aos sesenta días a partir da data na que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.
- d) Non prescribirán mentres dure o contrato de traballo.

46. Segundo o artigo 91.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos supostos de conflito colectivo relativo á interpretación ou aplicación do convenio:

- a) Deberá intervir a comisión paritaria do mesmo con carácter previo á formulación formal do conflito.
- b) Deberá intervir a comisión negociadora do mesmo con carácter previo á formulación formal do conflito.
- c) Deberá intervir o comité de empresa ou o comité intercentros se o houberse con carácter previo á formulación formal do conflito.
- d) Deberase recorrer directamente á mediación e/ou arbitraje, pero nunca ao órgano xudicial competente.

47. Segundo o artigo 8 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, as persoas traballadoras afiliadas a un sindicato poderán, no ámbito da empresa ou centro de traballo:

- a) Gozar dos permisos retribuídos necesarios para o desenvolvemento das funcións sindicais.
- b) Celebrar reunións, previa notificación ao empresario, recadar cotas e distribuír información sindical, nas horas de traballo e sen perturbar a actividade normal da empresa.
- c) Gozar dos permisos non retribuídos necesarios para o desenvolvemento das funcións sindicais e outras cuestións de relevancia social.
- d) Celebrar reunións, previa notificación ao empresario, recadar cotas e distribuír información sindical, fóra das horas de traballo e sen perturbar a actividade normal da empresa.

48. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, entenderase por risco laboral:

- a) O dano derivado do traballo que, racionalmente, resulte probable a súa materialización.
- b) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- c) Calquera proceso, actividade ou operación que en ausencia de medidas preventivas orixinen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores.
- d) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

49. Segundo o artigo 28.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nas relacións de traballo a través de empresas de traballo temporal, quen é responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?

- a) A empresa de traballo temporal.
- b) A empresa usuaria.
- c) A persoa traballadora.
- d) O comité de empresa

50. Segundo o artigo 11 do Convenio Colectivo de CRTVG, a comisión paritaria reunirse cando algún dos membros da comisión formule calquera problema no ámbito das funcións que lle son propias, no prazo máximo de:

- a) 15 días hábiles, desde o momento no que se expoña calquera problema, e a empresa deberá realizar a convocatoria cunha antelación mínima de 3 días hábiles.
- b) 10 días hábiles, desde o momento no que se expoña calquera problema, e a empresa deberá realizar a convocatoria cunha antelación mínima de 3 días hábiles.
- c) 15 días hábiles, desde o momento no que se expoña calquera problema, e a empresa deberá realizar a convocatoria cunha antelación mínima de 5 días hábiles.
- d) 10 días hábiles, desde o momento no que se expoña calquera problema, e a empresa deberá realizar a convocatoria cunha antelación mínima de 5 días hábiles.

51. Segundo o artigo 11.1 do Convenio Colectivo da CRTVG, a Comisión paritaria está composta por:

- a) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións asinantes do convenio.
- b) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións negociadoras do convenio.
- c) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións negociadoras do convenio.
- d) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións asinantes do convenio.

52. Segundo o artigo 15.1 do Convenio Colectivo de CRTVG, o cadro de persoal da empresa está composto por:

- a) O número de prazas establecidas pola Dirección Xeral de Medios, previa negociación coa Dirección da CRTVG.
- b) O número de prazas autorizadas polo órgano previsto na Lei dos medios públicos de comunicación de Galicia e polos órganos competentes da Xunta de Galicia. A aprobación correspóndelle ao Consello de Administración.
- c) O número de prazas determinadas directamente polo Consello de Administración da CRTVG.
- d) O número de prazas autorizadas pola Dirección de Recursos Humanos da CRTVG.

53. Cal das seguintes modalidades de horario non aparece recollida no artigo 34 do Convenio Colectivo de CRTVG?

- a) Horarios fixos.
- b) Horarios de quendas.
- c) Horarios descontinuos.
- d) Horarios dispoñibles.

54. Segundo o artigo 43 do Convenio Colectivo de CRTVG, a excedencia voluntaria por interese particular concederase por un prazo

- a) Non menor a tres meses.
- b) Non maior a dous meses.
- c) Non menor a un mes.
- d) Non menor a dous meses.

55. Segundo o artigo 61 do Convenio Colectivo da CRTVG, o complemento de dispoñibilidade aplicarase ao persoal que, previa designación pola empresa, polas características do seu posto de traballo, voluntariamente estea disposto a:

- a) Realizar funcións de coordinación ou mando, ou cando se lle esixa unha responsabilidade de cualificada complexidade que exceda do normal esixible a súa categoría profesional.
- b) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a venres.
- c) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a domingo.
- d) Realizar gardas no seu tempo de descanso.

56. Segundo o artigo 79 do Convenio Colectivo da CRTVG, a empresa complementará as prestacións da Seguridade Social por enfermidade ou accidente ata:

- a) O 75% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- b) O 80% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- c) O 90% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- d) O 100% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.

57. Segundo o artigo 98 do Convenio Colectivo de CRTVG, o Comité de seguridade e saúde reunirase:

- a) Cada dous meses e tamén sempre que o solicite calquera das partes.
- b) Un mínimo de dúas veces ao ano.
- c) Trimestralmente.
- d) Trimestralmente e tamén sempre que o solicite o Comité Intercentros.

58. Segundo o artigo 2 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, a autoridade laboral:

- a) Poderá autorizar excepcionalmente a participación de menores de dezaseis anos en espectáculos públicos, sempre que dita participación non supoña perigo para a súa saúde física nin para a súa formación profesional e humana.
- b) Poderá autorizar excepcionalmente a participación de menores de dezoito anos en espectáculos públicos, sempre que a dita participación non supoña perigo para a súa saúde física nin para a súa formación profesional e humana.
- c) Poderá autorizar a participación de menores de dezoito anos en espectáculos públicos, sempre que a dita participación conte coa aprobación dos titores legais do menor.
- d) Non poderá autorizar a participación de menores en espectáculos públicos.

59. Segundo o artigo 4 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, poderá concertarse por escrito un período de proba nos contratos de duración superior a dez días. A duración do período de proba non poderá exceder de:

- a) Cinco días nos contratos de duración non superior a dous meses; de quince días nos de duración non superior a seis meses, e de vinte días nos restantes.
- b) Dous días nos contratos de duración non superior a dous meses; de dez días nos de duración non superior a seis meses, e de quince días nos restantes.
- c) Cinco días nos contratos de duración non superior a dous meses; de dez días nos de duración non superior a seis meses, e de quince días nos restantes.
- d) Cinco días nos contratos de duración non superior a un mes; de dez días nos de duración non superior a seis meses, e de quince días nos restantes.

60. Segundo o artigo 8 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, a xornada do artista comprenderá:

- a) A prestación efectiva da súa actividade artística ante o público e o tempo en que está baixo as ordes da Empresa, a efectos de ensaio ou de gravación de actuacións, cun mínimo de catro horas diarias.
- b) A prestación efectiva da súa actividade artística ante o público e o tempo en que está baixo as ordes da Empresa, a efectos de ensaio ou de gravación de actuacións. Quedará excluída, en todo caso, a obrigatoriedade de realización de ensaios gratuítos.
- c) Exclusivamente a prestación efectiva da súa actividade artística ante o público.
- d) Exclusivamente a prestación efectiva da súa actividade artística ante o público e o tempo a efectos de ensaio.

61. Segundo o artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) Será requisito para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Xefe de Servizo.
- b) Será requisito para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 35 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- c) Os servizos prestados no segundo posto ou actividade computaranse a efectos de trienios e de dereitos pasivos.
- d) As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.

62. Segundo o disposto no artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei que, en representación do sector público pertenza a Consellos de Administración ou órganos de goberno de Entidades ou Empresas públicas ou privadas, non poderá pertencer:

- a) A máis dun Consello de Administración ou órgano de goberno de Entidades ou Empresas públicas, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante orde do ministerio competente ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma.
- b) A máis de dous Consellos de Administración ou órganos de goberno de Entidades ou Empresas públicas, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante orde do ministerio competente ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma.
- c) A máis dun Consello de Administración ou órgano de goberno de Entidades ou Empresas públicas, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local correspondente.
- d) A máis de dous Consellos de Administración ou órganos de goberno de Entidades ou Empresas públicas, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local correspondente.

63. Segundo o artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que sexa susceptible de compatibilidade previa autorización:

- a) Deberán instala nos trinta primeiros días do prazo de toma de posesión.
- b) Deberán instala nos quince primeiros días do prazo de toma de posesión.
- c) Deberán instala nos vinte primeiros días do prazo de toma de posesión.
- d) Deberán instala nos dez primeiros días do prazo de toma de posesión.

64. Segundo o artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, NON quedan exceptuadas do réxime de incompatibilidades:

- a) A participación en Tribunais cualificadores de probas selectivas para ingreso nas Administracións Públicas.
- b) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, que se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos.
- c) A participación do persoal docente en exames, probas ou avaliacións distintas das que habitualmente lles correspondan, na forma regulamentariamente establecida.
- d) A dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en Centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teña carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano.

65. De acordo con o artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, queda exceptuado do réxime de incompatibilidades:

- a) O exercicio do cargo de presidente de Xuntas reitoras de Mutualidades de funcionarios, en todo caso.
- b) O exercicio do cargo de presidente de Xuntas reitoras de Mutualidades de funcionarios, sempre que non sexa retribuído.
- c) O exercicio do cargo de presidente de Xuntas reitoras de Mutualidades de funcionarios sempre que sexa retribuído por arancel.
- d) O exercicio do cargo de presidente de Xuntas reitoras de Mutualidades de funcionarios cando a súa retribución non supere o 50% das retribucións básicas correspondentes.

66. Segundo o artigo 41 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as persoas ou entidades depositarias de bens embargables que, con coñecemento previo do embargo practicado pola Seguridade Social, colaboren ou consintan no incumprimento das ordes de embargo ou no levantamento dos bens:

- a) Serán responsables subsidiarios do pago do total da débeda.
- b) Serán responsables solidarios do pago da débeda ata o importe do valor dos bens que se puideron embargar ou allear.
- c) Serán responsables subsidiarios do pago da débeda ata o importe do valor dos bens que se puideron embargar ou allear.
- d) Serán responsables subsidiarios do pago da débeda ata o importe do valor dos bens que se puideron embargar ou allear só no caso de entidades empresariais.

67. Segundo o artigo 66 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establécese que a xestión e administración da Seguridade Social efectuarase polas seguintes entidades xestoras:

- a) O Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, o Instituto Nacional da Seguridade Social e o Servizo Público de Emprego Estatal.
- b) O Instituto Nacional da Seguridade Social, o Servizo Público de Emprego Estatal e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais.
- c) O Instituto Nacional da Seguridade Social, o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

- d) O Instituto Nacional da Seguridade Social, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais e a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

68. O artigo 166.2 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sinala que tamén terá a consideración de situación asimilada á de alta, con cotización, salvo no que respecta a os subsidios por risco durante o embarazo e por risco durante a lactación natural:

- a) A situación da persoa traballadora durante o período correspondente a vacacións anuais retribuídas que non fosen gozadas pola mesma con anterioridade á finalización do contrato.
- b) A situación da persoa traballadora durante o período correspondente a casos de excedencia voluntaria, no que se refire ás situacións de cumprimento de deberes de carácter público.
- c) A situación da persoa traballadora durante o período correspondente a vacacións anuais retribuídas que fosen gozadas pola mesma con anterioridade á finalización do contrato.
- d) A situación da persoa traballadora durante o período de excedencia en calquera caso.

69. Segundo o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, considérase que existe recaída nun mesmo proceso de incapacidade temporal:

- a) Cando se produza unha nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía dentro dos trescentos sesenta días naturais seguintes á data de efectos de alta médica anterior.
- b) Cando se produza unha nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía dentro douscentos corenta días naturais seguintes á data de efectos de alta médica anterior.
- c) Cando se produza unha nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía dentro dos cento oitenta días naturais seguintes á data de efectos de alta médica anterior.
- d) Cando se produza unha nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía dentro dos trescentos sesenta e cinco días naturais seguintes á data de efectos de alta médica anterior.

70. Segundo o artigo 172 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, que período mínimo de cotización é necesario acreditar para ser beneficiario do

subsídio por incapacidade temporal no Réxime Xeral da Seguridade Social en caso de accidente, sexa ou non de traballo, e de enfermidade profesional?

- a) 180 días dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores ao feito causante.
- b) 360 días dentro dos seis anos inmediatamente anteriores ao feito causante.
- c) Non se esixe ningún período de cotización.
- d) 150 días dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores ao feito causante.

71. Segundo o establecido no artigo 198 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as pensións vitalicias en caso de incapacidade permanente absoluta ou de gran invalidez:

- a) Non impedirán o exercicio daquelas actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do incapacitado e que non representen un cambio na súa capacidade de traballo a efectos de revisión.
- b) Impedirán o exercicio de actividades, cando sexan lucrativas, aínda que se consideren compatibles co estado do incapacitado e que non representen un cambio na súa capacidade de traballo a efectos de revisión.
- c) Non impedirán o exercicio de actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do incapacitado, aínda que representen un cambio na súa capacidade de traballo a efectos de revisión.
- d) Impedirán o exercicio daquelas actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do incapacitado e que representen un cambio na súa capacidade de traballo a efectos de revisión.

72. Segundo o artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, o servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal defínese como:

- a) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para o visionado de programas e contidos audiovisuais no momento elixido polo espectador e á súa propia petición sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo prestador do servizo.
- b) Servizo ofrecido polo prestador do servizo de agregación audiovisual ao que se pode acceder a través de procedementos vinculados ou non co servizo de comunicación audiovisual.
- c) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para visionado de programas e contidos audiovisuais mediante unha plataforma de transmisión por cable ou internet sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo prestador do servizo.

- d) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para o visionado simultáneo de programas e contidos audiovisuais sobre a base dun horario de programación.

73. Segundo o artigo 3.1 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual:

- a) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador do dito servizo se encontre establecido en España, salvo que estea situado nunha única Comunidade Autónoma. Neste último caso a competencia será exclusiva e excluínte de dita Comunidade Autónoma.
- b) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador do dito servizo se encontre establecido nun estado membro da Unión Europea.
- c) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador do dito servizo se encontre establecido en España
- d) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o sinal do dito servizo se reciba en España.

74. Segundo o artigo 15.2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, os códigos de conduta de autorregulación e corregulación:

- a) Deben ser aceptados polos principais interesados.
- b) Son obrigatorios sempre e cando teñan o informe favorable da avogacía do estado.
- c) Son sempre obrigatorios.
- d) Son obrigatorios sempre e cando teñan o informe favorable da autoridade competente en materia audiovisual.

75. Segundo o que establece o artigo 8 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual:

- a) A autoridade audiovisual competente vixiará o respecto á diversidade cultural e lingüística do Estado e promoverá a difusión da lingua oficial do Estado e as linguas oficiais das Comunidades Autónomas.
- b) A comunicación audiovisual promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e as linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- c) Promoverase a diversidade lingüística na prestación de servizos audiovisuais, para iso garantirase a difusión da lingua oficial do Estado nas

transmisións de ámbito estatal e a das demais linguas cooficiais nas súas respectivas Comunidades Autónomas.

- d) Os portadores de servizos de comunicación audiovisual que estando establecidos noutro Estado dirixan os seus servizos ao mercado español, están obrigados a realizar a súa difusión na lingua oficial do Reino de España, ou na lingua oficial dunha Comunidade Autónoma se o seu servizo fose dirixido en exclusividade ao territorio da devandita Comunidade Autónoma.

76. O artigo 15.4 da lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, enumera os ámbitos que se promoverán, tanto a nivel estatal como autonómico, nos Códigos de conduta de autorregulación e corregulación. Cal dos seguintes NON é un ámbito recollido no devandito punto?

- a) Protección dos usuarios respecto a contidos que atenten contra a liberdade de orientación sexual e dos dereitos do colectivo LGTBI.
- b) Protección dos usuarios respecto de contidos que atenten contra a dignidade da muller, ou fomenten valores sexistas, discriminatorios ou estereotipados.
- c) Protección dos usuarios respecto de os contidos con violencia gratuíta e pornografía.
- d) Redución efectiva da exposición dos menores ás comunicacións comerciais audiovisuais relativas a alimentos e bebidas con alto contido en sal, azucres, graxa, graxas saturadas ou ácidos graxos trans, ou que non se axustan por outros conceptos ás directrices nutricionais nacionais ou internacionais.

77. Segundo o artigo 11 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a disolución da Corporación RTVG requirirá:

- a) O acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia e do Parlamento de Galicia.
- b) O acordo favorable do Parlamento de Galicia.
- c) O acordo favorable do Consello da Xunta, oído o Parlamento de Galicia.
- d) O acordo favorable do Consello da Xunta previo ditame favorable do Consello de Administración da CRTVG.

78. Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG é:

- a) Unha sociedade mercantil pública autonómica non integrada no sector público autonómico.
- b) Unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- c) Unha sociedade limitada pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- d) Unha sociedade limitada pública autonómica non integrada no sector público autonómico.

79. Segundo o artigo 19.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a función de aprobar as directrices básicas en materia de persoal e o cadro de persoal é competencia do/a:

- a) Dirección Xeral.
- b) Dirección Xeral o persoa na que este delegue.
- c) Consello de Administración.
- d) Xerencia.

80. Segundo o artigo 13 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, o Consello de Administración da CRTVG componse de:

- a) Cinco membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- b) Sete membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- c) Nove membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- d) Nove membros elixidos polo Parlamento de Galicia.

81. Segundo o artigo 14 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, os membros do consello de administración da CRTVG son elixidos polo Parlamento de Galicia por:

- a) Maioría de dous terzos. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente para a elección unha maioría de tres quintos.
- b) Maioría de dous terzos. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente para a elección unha maioría absoluta.
- c) Maioría absoluta. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente para a elección unha maioría simple.
- d) Maioría absoluta. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación renovarase o mandato do anterior consello polo prazo de dous anos.

82. Segundo a Directiva de servizos de comunicación audiovisual, como se denomina toda forma de comunicación comercial audiovisual consistente en incluír ou referirse a un produto, servizo ou marca comercial de xeito que figure nun programa ou nun vídeo xerado por usuarios, a cambio dunha remuneración ou contraprestación semellante?

- a) Patrocinio
- b) Programa
- c) Vídeo xerado por usuarios
- d) Emprazamento de produto

83. Segundo a Directiva de servizos de comunicación audiovisual, cal é a porcentaxe mínima de obras europeas que os prestadores de servizos de comunicación audiovisual deben dispoñer nos seus catálogos?

- a) 10%
- b) 25%
- c) 30%
- d) 40%

84. Segundo a Directiva de servizos de comunicación audiovisual, cal é a porcentaxe máxima de tempo de anuncios de publicidade televisiva e televenta no período entre as 18 e as 24 horas?

- a) 12%
- b) 15%
- c) 20%
- d) 30%

85. Como se denomina o órgano integrado por representantes das autoridades u organismos reguladores nacionais no ámbito dos servizos de comunicación audiovisual en Europa?

- a) Grupo de Entidades Reguladoras Europeas para os Servizos de Comunicación Audiovisual (ERGA)
- b) Consello Superior do Audiovisual (CSA)
- c) International Federation of Television Archives (IFTA)
- d) Ente Regulador Europeo da Comunicación Audiovisual (EACRE)

86. Segundo o Artigo 33 bis da Directiva de servizos de comunicación audiovisual cal é o ámbito no que os Estados membros deben promover e tomar medidas?

- a) Lingua
- b) Gastronomía local
- c) Alfabetización mediática
- d) Unión Europea

87. Cal é o modelo principal de financiamento da BBC?

- a) Publicidade.
- b) Canon establecido polo Parlamento.
- c) Imposto determinado pola Carta Real.
- d) Subscrición.

88. Cal das seguintes é a autoridade independente de control do cumprimento da misión de servizo público audiovisual francés?

- a) Autoridade para a garantía nas comunicacións
- b) OFCOM
- c) Consello Superior do Audiovisual
- d) Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia

89. Que significa *binge-watching*?

- a) Consumo multiplataforma de contidos audiovisuais televisivos
- b) Consumo continuo de episodios dun contido audiovisual serializado
- c) Fragmentación da audiencia dos contidos audiovisuais nas plataformas dixitais
- d) Consumo de contidos audiovisuais emitidos no pasado

90. Como se denomina a toma de decisións baseada en *big data* nos negocios?

- a) Artificial Intelligence (AI)
- b) Business Analytics (BA)
- c) Business Intelligence (BI)
- d) Big Data Mix (BDM)

91. No contexto da análise de datos, como se denominan os indicadores que definen o rendemento dun proceso, por exemplo, dunha campaña en redes sociais?

- a) API
- b) DOI
- c) KPI
- d) PPV

92. Que significa SVoD no contexto dos modelos de negocio dos servizos audiovisuais?

- a) Vídeo baixo demanda con pago por visión
- b) Vídeo baixo demanda con adquisición dixital
- c) Vídeo baixo demanda baseado en publicidade
- d) Vídeo baixo demanda por subscrición

93. Que son as ventás de explotación do produto audiovisual?

- a) A orde e o tempo no que se explotan os dereitos da obra audiovisual nas formas de exhibición
- b) A relación de formatos de distribución e comercialización da obra audiovisual
- c) A planificación temporal da estrea cinematográfica dunha obra audiovisual
- d) A planificación das extensións transmedia para a exploración dos dereitos da obra audiovisual

94. Como se denomina a OTT da CRTVG?

- a) G24.gal
- b) Flooxer
- c) AGalega.gal
- d) TVGalicía.gal

95. O máximo órgano de goberno da FORTA é:

- a) A xunta xeral.
- b) A secretaría xeral.
- c) A dirección xeral.
- d) A xerencia.

96. A duración do mandato da presidencia da FORTA é de:

- a) 4 anos.
- b) 5 anos.
- c) 12 meses.
- d) 6 meses.

97. A FORTA:

- a) Ten personalidade xurídica e carece de ánimo de lucro e non poderá en ningún caso realizar actividades de carácter mercantil.
- b) Ten personalidade xurídica e carece de ánimo de lucro. Porén, poderá realizar actividades de carácter mercantil derivadas da consecución dos seus fins.
- c) Non ten personalidade xurídica propia, carece de ánimo de lucro e non poderá en ningún caso realizar actividades de carácter mercantil.
- d) Non ten personalidade xurídica propia pero si ánimo de lucro e para conseguir este obxectivo poderá realizar actividades de carácter mercantil derivadas da consecución dos seus fins.

98. O principal fin da constitución da FORTA é:

- a) A cooperación e axuda as súas entidades asociadas no cumprimento e desenvolvemento das súas atribucións, desenvolvendo de forma autónoma proxectos destinados a reforzar colectivamente as súas actividades.
- b) A cooperación e axuda as súas entidades asociadas no cumprimento e desenvolvemento das súas atribucións, desenvolvendo baixo a dirección e encargo destas, proxectos destinados a reforzar individual ou colectivamente as súas actividades.
- c) A cooperación e axuda as súas entidades asociadas no cumprimento e desenvolvemento das súas atribucións, desenvolvendo baixo a dirección e encargo destas, proxectos destinados a reforzar colectivamente as súas actividades, pero en ningún caso de forma individual.
- d) A cooperación e axuda as súas entidades asociadas no cumprimento e desenvolvemento das súas atribucións, desenvolvendo de forma autónoma, proxectos destinados a reforzar individual ou colectivamente as súas actividades.

99. A FORTA asocia a:

- a) Organismos ou entidades de dereito público e privado creados para a xestión directa dos servizos públicos de Radiodifusión e Televisión nas diferentes Comunidades Autónomas do Estado español.

- b) Organismos ou entidades de dereito público e privado creados para a xestión directa dos servizos públicos de Radiodifusión e Televisión de ámbito estatal.
- c) Organismos ou entidades de dereito público creados para a xestión directa dos servizos públicos de Radiodifusión e Televisión nas diferentes Comunidades Autónomas do Estado español.
- d) Organismos ou entidades de dereito publico creados para a xestión directa dos servizos públicos de Radiodifusión e Televisión nas diferentes Comunidades Autónomas, provincias ou municipios do Estado español.

100. Segundo o Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, as contas anuais dunha empresa comprenden:

- a) O balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria.
- b) O balance, a conta de perdas e ganancias, o informe económico-financeiro e a memoria.
- c) O balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria.
- d) O balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de situación de activos e pasivos, o libro diario e a memoria.

101. No activo da empresa X figuran, a unha determinada data:

- Bens e terreos naturais por 40.000 euros
- Mercancías por 7.000 euros
- 6.000 euros en bancos.

As mercancías adquiríronse a crédito, atopándose as mesmas pendentes de pago e para a compra do terreo solicitouse un préstamo por 14.000 euros aínda que non se comezou a pagar. Sinala o valor do Patrimonio Neto:

- a) 32.000 euros
- b) 27.000 euros
- c) 14.000 euros
- d) 21.000 euros

102. Segundo o Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, o prezo que se recibiría pola venda dun activo ou se pagaría para transferir ou cancelar un pasivo mediante unha transacción ordenada entre participantes no mercado na data de valoración, denomínase:

- a) Valor razoable.
- b) Valor actual.
- c) Valor neto realizable.
- d) Valor en uso.

103. Os gastos de notario e rexistro que xorden con ocasión da constitución dunha sociedade:

- a) Supoñen un menor importe do Patrimonio Neto e deben contabilizarse cun cargo na conta de Reservas voluntarias.
- b) Son un gasto do exercicio que debe contabilizarse cun cargo na conta (623) Servizos profesionais independentes.
- c) Deben contabilizarse cun cargo en Reservas voluntarias sempre que esta partida teña saldo suficiente para cubrilos.
- d) A empresa pode elixir entre contabilizalos como un gasto do exercicio ou como menor importe de Reservas.

104. De acordo con o Plan Xeral de Contabilidade, os gastos e ingresos deben imputarse ao exercicio:

- a) No momento no que se devindiquen ou no momento no que se produza a súa cobranza ou pago, é indiferente. O contable pode elixir calquera das dúas situacións.
- b) Cando se deveñan, é dicir, en función da corrente real de bens e servizos, sendo indiferente o momento no que se produza a cobranza ou o pago.
- c) No momento no que se produza a súa cobranza ou pago.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

105. Unha empresa presenta no seu balance de comprobación de sumas e saldos ao 31 de decembro de 2024 a conta (608) Devolucións de Mercancías e Operacións Similares por 10.000 euros con saldo acredor. Como se regularizará ao finalizar o exercicio?

- a) Cargando (608) Devolucións de Mercancías e Operacións Similares por 10.000 euros con abono a (600) Compra de Mercancías por unha cantidade igual.
- b) Cargando (608) Devolucións de Mercancías e Operacións Similares por 10.000 euros con abono a unha conta de Tesourería por idéntico importe.
- c) Cargando (129) Rendementos do Exercicio por 10.000 euros con pago a (608) Devolucións de Mercancías e Operacións Similares pola mesma cantidade.

- d) Cargando (608) Devolucións de Mercancías e Operacións Similares por 10.000 euros con abono á conta 129 Resultados do Exercicio polo mesmo importe.

106. Segundo a norma de valoración nº 2 de inmovilizado material do Plan Xeral de Contabilidade, cal é o importe recuperable dun ben do inmovilizado material?

- a) O importe do seu valor en uso.
 b) O menor importe entre o seu valor razoable menos custos de venda e o seu valor en uso.
 c) O importe do seu valor razoable menos custos de venda.
 d) O maior importe entre o seu valor razoable menos custos de venda e o seu valor en uso.

107. A sociedade X ten, ao final do primeiro trimestre, os seguintes saldos na súa contabilidade:

- Facenda Pública, IVE soportado (472).....6.000
- Facenda Pública, IVE repercutido (477).....8.000

O asento que realizará para a liquidación do IVE do trimestre será:

- a) O seguinte asento:

Conta	Debe	Haber
(477) Facenda Pública, IVE repercutido	8.000,00	
(472) Facenda Pública, IVE soportado		6.000,00
(4750) Facenda Pública, acreedora por IVE		2.000,00

- b) O seguinte asento:

Conta	Debe	Haber
(472) Facenda Pública, IVE soportado	8.000,00	
(4750) Facenda Pública, acreedora por IVE		6.000,00
(477) Facenda Pública, IVE repercutido		2.000,00

c) O seguinte asento:

Conta	Debe	Haber
(477) Facenda Pública, IVE repercutido	8.000,00	
(472) Facenda Pública, IVE soportado		6.000,00
(4700) Facenda Pública, debedora por IVE		2.000,00

d) O seguinte asento:

Conta	Debe	Haber
(472) Facenda Pública, IVE soportado	8.000,00	
(4700) Facenda Pública, debedora por IVE		6.000,00
(477) Facenda Pública, IVE repercutido		2.000,00

108. Cal é o límite da reversión da deterioración contabilizada correspondente a un inmovilizado material?

- a) O valor razoable do inmovilizado no momento da reversión.
- b) O prezo de adquisición.
- c) Non existe límite algún.
- d) O importe polo que figuraría contabilizado o inmovilizado se non se rexistrou deterioración.

109. Segundo o Plan Xeral de Contabilidade, o importe das débedas con subministradores de servizos utilizados no proceso produtivo, rexistrárase na conta (400) "Provedores", cal dos seguintes movementos é incorrecto?

- a) Aboarase, pola recepción «a conformidade» das remesas dos provedores, con cargo a contas do subgrupo 60.
- b) Cargarase, polos descontos, non incluídos en factura, que lle concedan á empresa por pronto pago os seus provedores, con pago á conta 606.
- c) Cargarase, polos «rappels» que correspondan á empresa, concedidos polos provedores, con pago á conta 609.
- d) Aboarase, polas devolucións de compras efectuadas, con cargo á conta 608.

110. O gasto por imposto sobre beneficios na conta de perdas e ganancias inclúese:

- a) No resultado financeiro.
- b) No resultado de explotación.
- c) No resultado extraordinario.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

111. Os gastos de transporte orixinados na compra de mercancías, polo traslado das mercancías compradas ata o noso almacén:

- a) Contabilízanse na conta 430 Clientes.
- b) Contabilízanse na conta 624 Transportes.
- c) Contabilízanse na conta 600 Compra de mercancías.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

112. Indique cal das seguintes afirmacións sobre as sociedades unipersoais é falsa:

- a) Inscrita a unipersonalidade, o socio único non responderá das débedas contraídas con posterioridade.
- b) Na sociedade unipersoal, o socio único non exercerá as competencias da xunta xeral.
- c) Enténdese por sociedade unipersoal a constituída por un único socio, sexa persoa natural ou xurídica.
- d) Enténdese por sociedade unipersoal a constituída por dous ou máis socios cando todas as participacións ou as accións pasasen a ser propiedade dun único socio.

113. A constitución das sociedades anónimas esixirá:

- a) Unha escritura privada, que deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade.
- b) Unha escritura pública, que deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade.
- c) Unha escritura privada, que deberá inscribirse no Rexistro Mercantil.
- d) Unha escritura pública, que deberá inscribirse no Rexistro Mercantil.

114. Indique cal das seguintes afirmacións sobre os administradores das sociedades anónimas é falsa:

- a) Salvo disposición contraria dos estatutos, para ser nomeado administrador non se require a condición de socio.
- b) O cargo de administrador é gratuito, a menos que os estatutos establezan o contrario determinando o sistema de retribución.
- c) Cando a administración conxunta se confíe a dous administradores, estes actuarán de forma solidaria.
- d) Os administradores exercerán o cargo durante o prazo que sinalen os estatutos sociais, que non poderá exceder de seis anos e deberá ser igual para todos eles.

115. Indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta en relación coas sociedades de capital:

- a) Serán españolas e rexeranse por medio de lei todas as sociedades de capital que teñan o seu domicilio en territorio español, calquera que sexa o lugar en que se constituíron.
- b) As sociedades de capital cuxo principal establecemento ou explotación radique dentro do territorio español deberán ter o seu domicilio en España.
- c) En caso de discordancia entre o domicilio rexistral e o lugar onde se ache o centro da súa efectiva administración e dirección ou no que radique o seu principal establecemento ou explotación, os terceiros deberán considerar como domicilio válido o rexistral.
- d) As sociedades de capital non poderán adoptar unha denominación idéntica á de calquera outra sociedade preexistente.

116. Segundo o Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta en relación coas obrigacións nas sociedades de capital:

- a) O órgano de administración será competente para acordar a emisión de obrigacións convertibles en accións.
- b) As sociedades españolas poderán emitir no estranxeiro obrigacións ou outros títulos de débeda.
- c) As obrigacións representadas por medio de títulos poderán ser nominativas ou ao portador.
- d) Os títulos dunha emisión deberán ser iguais e conter a súa designación específica.

117. Segundo o artigo 58 do Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, cal das seguintes afirmacións é verdadeira, en relación coa escisión de sociedades:

- a) Poderá acordarse a escisión se as accións ou as achegas dos socios á sociedade que se escinde se atopen parcialmente desembolsadas.
- b) A escisión rexerese polas normas establecidas para a transformación, con certas condicións.
- c) As sociedades beneficiarias da escisión non poderán ser dun tipo mercantil diferente ao da sociedade que se escinde.
- d) Ningunha das respostas anteriores é verdadeira.

118. Segundo o artigo 58 da Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, a escisión dunha sociedade mercantil rexistrada poderá revestir calquera das seguintes modalidades:

- a) Escisión total, escisión parcial e segregación.
- b) Absorción, segregación e fusión.
- c) Segregación e absorción.
- d) Escisión, absorción e fusión.

119. Segundo o artigo 32 da Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, cal das seguintes afirmacións é correcta con relación á responsabilidade dos socios na transformación das sociedades:

- a) Os socios que en virtude da transformación asuman responsabilidade persoal e ilimitada polas débedas sociais, responderán na mesma forma das débedas anteriores á transformación.
- b) Salvo que os acredores sociais consentiran expresamente a transformación, non subsistirá a responsabilidade dos socios a responder persoalmente as débedas da sociedade transformada polas débedas sociais contraídas con anterioridade á transformación da sociedade.
- c) A responsabilidade dos socios a responder persoalmente as débedas da sociedade transformada polas débedas sociais contraídas con anterioridade á transformación da sociedade, prescribirá aos dez anos a contar desde a publicación da transformación no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil.
- d) Unha vez publicada no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil, prescribirá a responsabilidade dos socios que responderían persoalmente as débedas da sociedade transformada, polas débedas sociais contraídas con anterioridade á transformación.

120. Segundo o artigo 30 da Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, por quen debe ser outorgada a escritura pública de transformación?

- a) Polos administradores e por todos os socios que pasen a responder persoalmente as débedas sociais.

- b) Pola sociedade e por todos os socios que pasen a responder persoalmente as débedas sociais.
- c) Polos liquidadores e por todos os socios que pasen a responder persoalmente as débedas sociais.
- d) Polos socios industriais e por todos os socios que pasen a responder persoalmente as débedas sociais.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR EN LA HOJA DE RESPUESTAS A PARTIR DEL NÚMERO 141

1. Segundo o artigo 82 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o prazo de vixencia e revisión das clasificacións das empresas será:
 - a) Un ano, sempre que polo empresario se manteña as condicións nas que se baseou a súa concesión.
 - b) Indefinida, sempre que polo empresario se manteña as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.
 - c) Tres anos, sempre que polo empresario se manteñan as condición e circunstancias nos que se baseou a súa clasificación.
 - d) Cinco anos, sempre que polo empresario se manteñan as condicións nos que se baseou a súa concesión.

2. Segundo o artigo 5 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, no cal se analizarán e expoñerán, como mínimo, os aspectos seguintes:
 - a) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública e os datos sobre a información máis consultada no Portal de transparencia e Goberno aberto, e sobre a máis solicitada a través do exercicio do dereito de acceso.
 - b) A análise das queixas e suxestións presentadas pola cidadanía.
 - c) Os indicadores da administración dixital.
 - d) Os plans de mellora dos servizos públicos.

3. Segundo o artigo 51.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, enténdese como despedimento colectivo a extinción de contratos de traballo fundamentada en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción cando, nun período de noventa días, a extinción afecte polo menos a:
 - a) A cinco persoas traballadoras en empresas que ocupen menos de cen persoas traballadoras, o cinco por cento do número de persoas traballadoras naquelas que ocupen entre cen e trescentas persoas traballadoras e vinte persoas traballadoras en empresas que ocupen máis de trescentas persoas traballadoras.

- b) O dez por cento do número de persoas traballadoras independentemente do número de persoas que ocupe a empresa.
 - c) O vinte por cento do número de persoas traballadoras independentemente do número de persoas que ocupe a empresa.
 - d) A dez persoas traballadoras en empresas que ocupen menos de cen persoas traballadoras, o dez por cento do número de persoas traballadoras naquelas que ocupen entre cen e trescentas persoas traballadoras e trinta persoas traballadoras en empresas que ocupen máis de trescentas persoas traballadoras.
4. Segundo o artigo 137 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, non darán lugar á súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social:
- a) As persoas que presten servizos retribuídos en entidades ou institucións de carácter benéfico-social.
 - b) Os traballos que se executen ocasionalmente mediante os chamados servizos amizade, benévolos ou de boa veciñanza.
 - c) Os altos cargos das administracións públicas e das entidades e organismos vinculados ou dependentes delas, que non teñan a condición de funcionarios públicos.
 - d) Os laicos ou segrares que presten servizos retribuídos nos establecementos ou dependencias das entidades ou institucións eclesiásticas.
5. Indique cal das seguintes afirmacións sobre os dereitos de voto é correcta:
- a) Na sociedade anónima non será válida, salvo disposición contraria nos seus estatutos, a creación de accións que de forma directa ou indirecta alteren a proporcionalidade entre o valor de emisión da acción e o dereito de voto.
 - b) Na sociedade anónima non será válida a creación de accións que de forma directa ou indirecta alteren a proporcionalidade entre o valor de emisión da acción e o dereito de voto.
 - c) Na sociedade anónima non será válida, salvo disposición contraria nos seus estatutos, a creación de accións que de forma directa ou indirecta alteren a proporcionalidade entre o valor nominal da acción e o dereito de voto.
 - d) Na sociedade anónima non será válida a creación de accións que de forma directa ou indirecta alteren a proporcionalidade entre o valor nominal da acción e o dereito de voto.